

UNHA MOREA DE PEDRAS

Deitado naquela estreita cama da que xa dificilmente se podía erguer pediu que lle colocaran unhas follas e unha estilográfica para alomenos poder responder algunha carta e así pasar os seus últimos días. Agardou a que a luz da tardiña fora suficiente, e premendo sobre un improvisado atril comezou lentamente a escribir:

“*Londres, febreiro de 1912...*”

Enviaba aquelas liñas ó seu vello amigo Conan Doyle para dar conta pola súa man da situación na que se atopaba naquela decadente quela da cidade, acompañado unicamente do seu fillo Irving. Aforrou os detalles escabrosos pero fíxolle saber que cambiara de dirección, que residiría a partir de entón naquela hospedería pouco digna.

Evitou describir as paredes revestidas dunha pintura descascada na súa maior parte, aquela antiga mesiña de madeira deteriorada polos anos e cuberta dunha grossa capa de pó, a cadeira algo torta e a cama sen cabeceiro que formaban parte do mobiliario do cuarto. O peor era a humidade e a friaxe que creaban unha nube perpetua e invisible suspendida día e noite sobre o teito. Había un pequeno soporte para unha candeia que iluminaba vagamente o cuarto e á súa dereita unha ridícula fiestra daba a un patio interior e escuro ateigado de roupa arrolada polo compás do vento.

Apenas recibira visita algunha desde que tivera que abandonar a casa que

ocupara en St. Leonard’s Terrace e eso poñíao especialmente morriño. Entristeciábase lembrando, ademais, as rúas de Chelsea e os longos paseos ó Teatro rodeado polos numerosos descoñecidos que camiñaban apurados polas longas avenidas grises, enxordecidas polo continuo ir e vir das ruidosas carruaxes negras.

Levantou a vista do papel para meditar con calma as súas seguintes liñas, non quería preocupar en exceso ó seu amigo, prefería recordarlle algunhas anécdotas daquelas longas entrevistas con algún experto en cultura oriental cos que tantas veces sentara a tomar apuntamentos. Sete anos de investigación sobre “O non morto” para que ó final o seu libro fora desprezado e el acabara no esquecemento e na miseria.

Sorbeu un grolo de té negro para tentar aliviar o seu malestar e continuou a escribir para dar conta da razón pola que abandoara o seu domicilio: o Goberno da súa Maxestade denegáralle finalmente unha pensión e como non se atopaba en condicións de traballar pasaría os seus últimos días postrado ante a decadencia que rezumaban aquelas paredes. Despois de tantos anos nesa cidade, víase perseguido pola ruína e tamén pola desgraza de non poder vivir tan sequera das súas publicacións. Había pouco que o seu fillo lle trouxera a nova de que a súa novela *Drácula* poderíase reeditar, pero segundo o médico xa semellaba ser demasiado tarde para el.

Matinaba moitas noites en vela en que que despois de pasar gran parte da

súa infancia deitado por non poder camiñar, volvía a atoparse en idéntica situación.

Moito lembrara, especialmente dende que as febres persistiran naqueles anos da súa casa familiar de Clontarf, ás beiras do río Liffey. Daquela tiña a voz doce da súa nai lendo historias xunto á fiestra trala que lembraba as árbores de Fairview Park abaneadas polo alento de Dublín. Rememoraba aqueles primeiros anos de vida que discurriran coma agora, paradoxicamente, entre as estreitas catro paredes dunha oprimente habitación. A súa nai coidara obsesivamente del, visitándoo cada pouco para que non se sentise só na penumbra do cuarto. De cando en vez, relataba historias e antigas lendas sobre trasnos, fadas, sereas...que nunca esquecería e que determinarían á súa atracción e obsesión polas criaturas sobrenaturais.

Xa lle confesara ó seu estimado Arthur que unha das lendas que máis o fascinara fora a de Dearg Due, a historia dunha fermosa muller do condado de Waterford. Esta andaba en amoríos cun campesiño pero fora obrigada a casar cun home maior pola súa fortuna para asegurar así o futuro económico da familia. Como este acostumaba a tratala mal ela suicidouse e disque foi enterrada no pequeno patio dunha igrexa cerca de Strongbow's tree. Conta a lenda que esta muller levántase cada lúa chea do seu cadaleito coa forma dunha seductora moza para cobrar vinganza sobre os homes que se crucen no seu camiño, e só pode contrarrestarse a súa

aparición cubrindo a súa tumba cunha morea de pedras.

O mesmo Arthur tíñalles relatado algunhas historias da súa Escocia natal, a maior parte delas sobre morcegos, bebedores de sangue e outras criaturas nas súas xuntanzas en *The Golden Dawn*. Se algo lle resultaba especialmente doloroso era non poder asistir a aquelas largas conversas segredas nas que departira entre outros con Crowley, Yeats... canta saudade daqueles días que xa semellaban moi lonxanos.

Fixo outra pausa para cubrirose coa manta e cavilar unha última reflexión antes de despedirse. Gustaríalle ter dito adeus en persoa ao seu querido Arthur sabendo que o seu propio nome perduraría na memoria do pobo polos seus méritos, pero cría que iso era unha batalla xa perdida. Quería desfacerse do vampiro que lle facía sombra tal e como Arthur destruíu ao seu máis famoso detective Holmes; pero o lexendario morcego xa estaba morto, e agochábase tralas súas costas coma unha pantasma imperturbable. Por iso, na súa última carta, insinuaba con ironía ao seu prezado compañeiro que tamén lle gustaría que lle colocaran enriba da súa sepultura unha morea de pedras.

Tocou unha campá cercana e aquel son grave sacouno do seu ensimismamento. Releu a carta coa tristura serea das despedidas e asinou xa case sen forza:

“Teu amigo, Abraham Stoker”

Amaia Tomé Tomé